
# *Quercus rubra* L., 1753

- carballo vermello americano, carballo americano
- roble americano, roble rojo
- haritz gorri amerikarra
- roure roig americà
- northern red oak
- carvalho vermelho americano



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

**EX** **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

| DIVISIÓN | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Fabales** | **Fabaceae** | ***Quercus*** |

## ORIXE

América.

## CARACTERÍSTICAS

Árbore duns 20-25 m de altura. Sistema radicular profundo e potente, cunha raíz principal marcada. Tronco recto, robusto e de crecemento rápido. Codia gris escura, lisa en exemplares novos e gretada coa idade. Copa ampla, redondeada a oval, bastante aberta. Follas alternas, grandes, de forma lobulada, con lóbulos puntiagudos rematados en arestas. Son de cor verde escura no verán e vermellas intensas no outono. Flores masculinas en amentos colgantes; femininas pequenas, pouco visibles. Florece na primavera. Froito tipo glande, grande, cunha cúpula pouco profunda. Madura en ciclos de dous anos. Son amargos e pouco comestibles. Frutificación no outono.

## HÁBITAT

Medra en bosques caducifolios, zonas montañosas e vales. Prefire solos profundos, ben drenados e lixeiramente ácidos. Tolera o frío pero non solos excesivamente secos ou excesivamente asolagados.

## DISTRIBUCIÓN

Orixinaria de América do Norte. Amplamente introducida en Europa e América do Sur, principalmente en parques, xardíns e repoboacións forestais.

## CURIOSIDADES

É un dos carballos máis ornamentais debido á coloración das follas no outono. Medra máis rápido cós carballos europeos, o que motivou o seu uso forestal. Pode competir co carballo autóctono.